

Informe sobre as proposicións económicas presentadas polas empresas concorrentes á contratación administrativa dos servizos de telefonía e acceso á Internet e o subministro de electrónica de rede para a Administración do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de proposicións para esta contratación administrativa, con data de 15 de novembro 2016 procedeuse á apertura do sobre C. Nesta licitación a única empresa que presenta oferta é TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. y TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U (en adiante Telefónica).

Analizada a documentación do sobre C, referente a Documentación dos criterios avaliados matematicamente mediante a aplicación de fórmulas, procédese a elaboración deste informe no que se detallan, a modo de resumo os criterios avaliados e as melloras ofertadas.

O punto 16 do cadro de especificacións do contrato do prego de cláusulas administrativas establece os seguintes criterios para a valoración matemática dos criterios económicos das proposicións:

II.- Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas, ata 52 puntos:

a.- Prezo: de **0 a 40 puntos**: distribuíndo **29 puntos** para o prezo do servizo e **11 puntos** para o prezo da subministración. Ponderaranse as ofertas de acordo coas seguintes fórmulas:

Para o prezo do servizo:

$$\text{Puntuación } i = 29 \times \frac{\text{Orzamento licitación} - \text{Oferta } i}{\text{Orzamento licitación} - \text{oferta máis baixa}}$$

Para o prezo da subministración:

$$\text{Puntuación } i = 11 \times \frac{\text{Orzamento licitación} - \text{Oferta } i}{\text{Orzamento licitación} - \text{oferta máis baixa}}$$

Os presos ofertados por Telefónica son os seguintes:

Servizo (prezo anual sen IVE): 202.333,33€

Subministro (sen IVE): 309.000,00€

Ao ser un único licitador recibe a máxima puntuación neste apartado, **40 puntos**.

b.- Un switch de rede a maiores, coas mesmas características que os esixidos no punto [35] do PPT: **4 puntos** se se inclúe a súa subministración, 0 puntos en caso contrario.

Telefónica oferta un switch de rede a maiores, polo que recibe neste apartado **4 puntos**.

c.- Puntos de acceso de alta densidade a maiores (ata **3 puntos**):

- Se se entregan 2 puntos de acceso, 3 puntos
- Se se entrega 1 punto de acceso, 1.5 puntos
- En caso contrario, 0 puntos

O licitador oferta dous puntos de acceso de alta densidade a maiores, polo que recibe **3 puntos**.

d.- Custo do tráfico de streaming a maiores: ao prezo máis alto do Xigabyte de exceso 0 puntos, ao prezo máis baixo a máxima puntuación e o resto de xeito proporcional. (**2.5 puntos**)

O licitador oferta un custo de 0€ adicionais polo tráfico a maiores en streaming, polo que recibe **2,5 puntos**.

e.- Custo de Teléfono Cisco 7965G con licenza, instalación e custo de mantemento anual: establécese un prezo máximo por unidade de 431 € sen IVE (custo máximo hardware: 273 €, custo máximo licencias: 72 €, custo máximo mantemento: 86 €): Custo de Teléfono Cisco 7965G: as ofertas que indiquen o prezo máximo obterán 0 puntos e ao resto asignaráselle 0,1 puntos por cada 1% de baixada, en todos e cada un dos conceptos do desglose, ata un máximo de 1 punto. (**1 punto**)

f.- Custo de Teléfono Cisco 6921 con licenza, instalación e custo de mantemento anual: establécese un prezo máximo por unidade de 276 € sen IVE (custo máximo hardware: 118 €, custo máximo licencias: 72 €, custo máximo mantemento: 86 €): Custo de Teléfono Cisco 6921: as ofertas que indiquen o prezo máximo obterán 0 puntos e ao resto asignaráselle 0,1 puntos por cada 1% de baixada, en todos e cada un dos conceptos do desglose, ata un máximo de 1 punto. (**1 punto**)

g.- Custo de Teléfono Cisco 6901 con licenza, instalación e custo de mantemento anual: establécese un prezo máximo por unidade de 251 € sen IVE, (custo máximo hardware: 93 €, custo máximo licencias: 72 €, custo máximo mantemento: 86 €): Custo de Teléfono Cisco 6901: as ofertas que indiquen o prezo máximo obterán 0 puntos e ao resto asignaráselle 0,1 puntos por cada 1% de baixada, en todos e cada un dos conceptos do desglose, ata un máximo de 0.5 puntos. (**0.5 puntos**)

Comprobados os prezos ofertados polo licitador para cada un dos tipos de teléfonos, todos están por debaixo dos prezos máximos fixados no PCAP, polo que ao ser un único adxudicatario recibe a máxima puntuación nos tres subapartados anteriores.

En resumo, a suma da puntuación obtida nos criterios avaliados mediante xuízos de valor é o seguinte para a empresa Telefónica: **52 puntos**

Así mesmo, verificase que a oferta do licitador cumpre con todos o esixido nos pregos, o que informamos para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, a 16 de novembro de 2016

Servizo de tecnoloxías da información

Asdo. Pedro Vila López